

Guía de estilo para a localización de software ao galego

[borrador de traballo]

Versión 0.1

Índice

Índice.....	
0 Cuestións previas.....	3
1 Modelo de lingua.....	3
2 Algúns criterios de uso.....	4
2.1 A selección e utilización da terminoloxía.....	4
2.2 A comunicación computador / usuario.....	7
2.3 Orde e tamaño das frases.....	9
2.4 Formas verbais.....	10
2.4.1 A conxugación verbal.....	10
2.4.2 As construcións pasivas.....	11
2.4.3 A expresión do futuro.....	11
2.4.4 O infinitivo flexionado.....	12
2.4.5 O xerundio.....	13
2.5 Uso de maiúsculas e minúsculas.....	14
2.6 Tratamento dos nomes propios doutras linguas e dos nomes comerciais.....	16
2.7 A linguaxe non-sexista.....	18
2.8 As negacións.....	19
2.9 Cantidades.....	19
2.10 Outras cuestións.....	20
2.10.1 As datacións.....	20
2.10.2 Os nomes das teclas.....	20
Anexo I.....	
A abreviación.....	23
A abreviatura.....	23
Como se representan?.....	23
Algunhas notas sobre o seu uso.....	24
Símbolo.....	
Como se representan?.....	24
Sigla.....	25
Como se representan?.....	25
Algunhas notas sobre o seu uso.....	25
O acrónimo.....	26
Anexo III.- Nomes de países do mundo.....	

0 Cuestións previas

Comezaremos indicando algunhas cuestións que non teñen por qué recollese propiamente nunha guía de estilo, pero que deben terse en conta para que o traballo de localización teña calidade abonda como para facer “competitiva” a versión galega en comparación coa castelá ou a portuguesa.

- O proceso de localización debe tomar sempre como base o texto orixinal do software co que traballemos (inglés na gran maioría dos casos). Iso non quita —é claro— que como material de apoio teñamos as versións localizadas noutros idiomas; pero nunca se deben tomar estas como referencia xa que, de facelo, corremos o risco de herdar todos os problemas, imprecisións, erros, etc. que nelas poidan existir.
- Os equipos de traballo deberían ser sempre interdisciplinares, formados por xente con coñecementos informáticos e lingüísticos, e cunha distribución de tarefas que permita o mellor aproveitamento dos coñecementos de cadaquén. Estes equipos deberían ter tamén un coordinador que controle as distintas liñas de traballo de cada proxecto e distribúa o material.
- Cumpriría establecer unha mecánica xeral de traballo, que se respectase sempre e que permitise garantir un nivel mínimo de calidade en todos os programas localizados. [Neste sentido, poderíase incorporar ou adaptar a que ten establecida Softcatalà]

1 Modelo de lingua

Se temos en conta que o obxectivo da localización é facilitar o uso do software en galego, parece razoable tomar como base as propostas ortográficas e morfolóxicas feitas pola Real Academia Galega no traballo *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*.¹

Dentro dese marco, parécenos razoable optar por aquelas formas que tendan á confluencia coas solucións do portugués, tanto por ser unha tendencia presente nalgún dos programas xa localizados ao galego de maior repercusión (Windows e paquete Office), como porque un dos principios de elaboración das Normas (o cuarto) defende a busca da harmonía co portugués.²

Este principio concrétese nas seguintes propostas:³

- Prefírese a primeira forma do artigo (...*abrimos o ficheiro*...) sobre a segunda forma (...*abrímo-lo ficheiro*...).

1 Tendo en conta que en decembro de 2003 a RAG publicou unha edición revisada das *Normas*, pode ser interesante consultar en <http://www.usc.es/snlus/acordo.pdf> un documento cos cambios derivados desa revisión.

2 En concreto, este principio proclama que “As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente.”

3 As formas que se van marcar como “non preferidas” son tan correctas como aquelas que se consideran preferibles.

- Para a contracción da preposición *a* cos artigos *o* e *os* prefírense as formas *ao* e *aos* (...*diríxase ao provedor*... ou ...*información aos usuarios*...) antes ca *ó* e *ós* (...*diríxase ó provedor*... ou ...*información ós usuarios*...).
- Para as palabras cultas que proceden dun termo latino rematado no sufixo -BILIS, preferiremos a terminación -*bel* (*amábel, estábel*,⁴ *factíbel, variábel*...) mellor ca -*ble* (*amable, estable, factible, variable*...).
- Preferiremos o sufixo -*aría* antes ca -*ería* en casos como *concellaría, consellaría, enxeñaría, hostalaría, librería, pirataría*...⁵
- Os signos de interrogación e exclamación inclúiranse só ao final da frase (*Que acción quere realizar?*), a non ser que a súa ausencia ao comezo poida provocar ambigüidades na interpretación.
- Evitaremos representar a través dunha contracción o encontro da conxunción comparativa *ca* e o artigo determinado -*o, a, os, as*-.
Xa que logo, preferiremos *maior ca o anterior* a *maior có anterior*.

Estas propostas non queren dicir que as formas recollidas nas *Normas* e aquí non consideradas preferidas deban desbotarse sistematicamente dos traballos de localización. Partimos da base de que a variación dialectal fai máis ricos os documentos en que aparece, pero en contextos como menús, cadros de diálogo, ordes ao computador, etc, pode ser “ruído” que produza unha valoración negativa da calidade do programa localizado. Por iso, aconsellamos evitar o seu uso neste tipo de documentos, pero aceptámolo de boa gana na documentación complementaria (axudas, preguntas frecuentes...)

2 Algúns criterios de uso

2.1 A selección e utilización da terminoloxía

As razóns que explican por qué hai xente interesada en traballar na localización de software ao galego non son basicamente as que explican este labor na maioría dos idiomas “estatais”.

A elaboración de versións en castelán, portugués ou francés ten detrás razóns puramente pragmáticas: facilitarlles aos usuarios o acceso a unha serie de programas que doutro xeito non poderían manexar, ao non poder comunicarse doadamente co computador.

No caso galego esta razón non é prioritaria xa que os usuarios galegos podemos acceder á maioría da produción informática –desde logo a toda a que é relevante se a xulgamos polo número de usuarios potenciais– en castelán ou en portugués.

Xa que logo, o que está detrás deste traballo no caso galego é unha aposta pola promoción do uso do galego.

Desde ese punto de vista, un dos obxectivos fundamentais é a fixación e a difusión da terminoloxía galega do mundo da informática e doutras áreas de especialidade. Por iso, deberíase coidar especialmente a calidade e a coherencia dos produtos en todo o que ten que ver con esta cuestión.

Para iso, sería utilísimo contar cun corpus terminolóxico de referencia (que debería coller a forma de glosario ou dicionario multilingüe) ao que se recorre en distintos

⁴ En consecuencia, preferiremos *establelecer* e *restablecer* antes ca *establecer* e *restablecer*.

⁵ Nos casos nos que a secuencia -*ería* non é sufixo (*galería, batería*...) non se admite a terminación -*aría*.

proxectos de localización, de tal forma que as propostas terminolóxicas que se fan para o ámbito do galego se difundisen extensamente entre os usuarios do software localizado.

Actualmente tal corpus non existe –nin é factible desenvolvelo no curto prazo cos medios con que se conta–, aínda que si hai unha serie de materiais que, compilados e valorados adecuadamente, poden contribuír grandemente a asegurar un nivel suficiente de calidade léxica e terminolóxica no software localizado ao galego.

MATERIAL EXISTENTE

1 Traballos terminográficos (dicionarios, léxicos, vocabularios...)

a. traballos independentes

- * *Vocabulario de informática* (Univ. de Vigo, 1994) → ± 500 entradas
- * *Glos@rio de termos da Internet* → ± 550 entradas
[<http://www.uvigo.es/webs/sli/glinternet/index.html>]
- * *Léxico panlatino de Internet* (Realiter, 2001) → ± 300 entradas
[http://www.bureaudelatraduction.gc.ca/pwgsc_internet/francais/03_tools_f/03_pubs_f/fr/panlatin.htm]
- * *Léxico informático inglés-galego* (Xunta, 2003) → ± 7000 entradas

b. glosarios de apoio a traballos de localización

- * dicionario Trasno → ± 275 entradas
- * glosario Galego21 → ± 275 entradas

2 Software xa localizado (do que se podería aproveitar a terminoloxía)

a. software de Microsoft

- * Windows
- * Office

b. outro software

- * traducido por Galego21
- * traducido polo Trasno
- * traducido por Milprimaverasmáis

Como se pode supor, é moi difícil construír un produto de referencia homoxéneo e completo partindo dun material tan heteroxéneo, no que podemos atopar:

- produtos cun nivel de difusión moi diferente e, xa que logo, con diferentes capacidades de influencia
- produtos con calidades lingüísticas moi diversas⁶ (elaborados só por lingüistas, elaborados só por especialistas en informática, elaborados por equipos interdisciplinares...)
- contradicións entre as propostas duns e outros traballos ou incluso dentro dun mesmo traballo
- termos ou microáreas que non están tratados en ningún dos materiais devanditos, polo que crean lagoas que habería que resolver a través da creación neolóxica

6 Hai que ter en conta, amais, que moitas veces os traballos de máis calidade non so os máis difundidos, nin os que máis repercusión acadan.

UNHA ALTERNATIVA PRAGMÁTICA APROVEITANDO O MATERIAL EXISTENTE

Tendo en conta todo o devandito, a alternativa posible consistiría en fixar un protocolo de decisión o máis razoado posible que permitise ir resolvendo problemas terminolóxicos e fixando as solucións nun vocabulario en construción que se iría desenvolvendo no transcurso dos sucesivos traballos de localización.

Como complemento a isto, o grupo de traballo que participe no proxecto de localización debe dotarse dalgunha forma áxil de contacto (unha rolda de correo, un foro...) de tal forma que os casos dubidosos poidan comentarse e debaterse con rapidez.

Finalmente, as dúbidas sobre as que o grupo de traballo vaia tomando unha decisión deben irse agrupando nun glosario que se converterá así nun máis dos materiais de consulta aos que se pode botar man.

PROTOCOLO DE DECISIÓN

Cando atopamos un problema para traducir un termo do inglés, poden ocorrer tres cousas:

1. Que ningunha das fontes galegas compiladas ofrezca unha solución

Nese caso o grupo de traballo terá que intentar ofrecer unha solución ao problema, tendo en conta a documentación especializada galega de que se poida botar man (manuais, páxinas web, outro software localizado...) así como a forma na que as linguas veciñas -especialmente o portugués- se enfrontaron a ese mesmo problema.

Unha vez que se resolva o problema, o novo concepto e as súas denominación inglesa e galega incorporaranse ao glosario en curso de elaboración.

2. Que as fontes galegas ofrezan unha única solución

Isto pode ocorrer porque haxa unanimidade entre varias fontes, ou porque o concepto só apareza citado nunha delas.

No primeiro caso, en realidade non teríamos ningún problema, pois unicamente teríamos que recoller a equivalencia citada neses fontes. No segundo, habería que valorar se a solución que atopamos é adecuada ou non, aínda que en principio, o lóxico sería seguila, a non ser presente problemas moi graves (contradiccións con outras fontes, ten que competir cun anglicismo moi asentado ao que dificilmente vai dar suplantado, etc.) Nese caso, deberíamos actuar como vimos no punto 1, debatendo e fixando unha denominación alternativa.

3. Que as fontes galegas ofrezan varias solucións contraditorias

Nese caso, deberemos elixir unha delas, e desbotar as outras.⁷ Para buscar a coherencia interna do proceso de selección era interesante clasificar as fontes que temos segundo a fiabilidade que lles imos outorgar, de tal xeito que prefiramos sempre as propostas ofrecidas polas fontes que coloquemos nos primeiros lugares da clasificación, a non ser que poidamos presentar razóns de peso en contra da proposta que nelas se fai.

⁷ Aínda que en teoría sería tamén posible que ningunha das alternativas recollidas nos parecese adecuada -o que nos obrigaría a presentar a nós unha nova proposta-, a non ser que todas elas presenten graves problemas parece preferible non multiplicar o número de posibilidades, e intentar empregar unha das que se nos ofrecen.

UNHA PROPOSTA DE CLASIFICACIÓN

Intentaríamos combinar catro criterios:

- a. a autoridade normativa
Representada en propostas avaladas pola RAG ou polo Termigal
- b. a difusión dos materiais ou dos produtos informáticos en que aparezan determinadas propostas terminolóxicas
Canto maior sexa a difusión dun traballo, maior debía ser a tendencia a recorrer ás denominacións nel recollidas.
- c. as nosas propias reflexións sobre o problema
Serán precisas naqueles casos en que os dicionarios e vocabularios non recollan ningunha proposta de solución para un problema terminolóxico, ou cano as propostas recollidas non nos parezan asumibles.
- d. a antigüidade das fontes
A igualdade de criterios entre dúas fontes, será sempre preferible a máis moderna delas.

Da súa aplicación xurdiría a escala seguinte (ordenada de maior a menor fiabilidade):

1. Termos recollidos en dicionarios normativos
Polo de agora, o único material que se incluíría neste nivel sería o *Diccionario da Real Academia Galega*.
2. Termos do glosario que se iría creando coas dúbidas que se fosen resolvendo dentro do equipo de traballo
3. Termos recollidos do documento de localización do Windows ao galego
4. Glosario de Galego21
5. Termos do *Léxico informático inglés-galego*
6. Termos do *Léxico panlatino de Internet* e do *Glos@rio de internet*
7. Termos do *Vocabulario de informática*

2.2 A comunicación computador / usuario

- O usuario diríxese ao computador

Esta relación establécese por medio de ordes ou instrucións que o primeiro lle dá ao segundo. Por iso, o lóxico é que estas se plasmen a través do imperativo e en 2ª persoa do singular (co tratamento de *tí*), no canto dos infinitivos que aparecen con frecuencia en inglés.

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Close.</i>	<i>Pecha.</i>	<i>Pechar</i>
<i>Insert image.</i>	<i>Insire unha imaxe.</i>	<i>Inserir imaxe.</i>

- O computador diríxese ao usuario

Por moi sofisticado que sexa, o computador non deixa de ser unha máquina. Por iso, non debemos personificalo facéndolle “falar” en primeira persoa do singular, senón que deberá expresarse en 3ª persoa.

Para traducir	mellor...	ca...
---------------	-----------	-------

<i>I can't open file.</i>	<i>O ficheiro non se pode abrir.</i>	<i>Non podo abrir o ficheiro.</i>

Así mesmo, se máis arriba dixemos que o nivel de lingua buscado debía ser o estándar, parece aconsellable que o computador use o tratamento de respecto (*vostede*) na súa comunicación co usuario.⁸

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Replace existing file?</i>	<i>Quere substituír o ficheiro existente?</i>	<i>Queres substituír o ficheiro existente?</i>

Isto é así incluso cando o propio ordenador lle ordena ao usuario que debe realizar algunha acción, o que se fai en modo imperativo pero mantendo o tratamento de respecto. Pola contra, non é preciso traducir ao galego, os *please* puramente retóricos cos que o computador adoita comezar moitas das súas comunicacións; só ten sentido mantelos cando o que se solicita é realmente un favor (enviarlles un informe aos desenvolvedores se atopa un erro nun programa, por poñer un exemplo).

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Select a directory.</i>	<i>Selecione un directorio.</i>	<i>Selecciona un directorio.</i>
<i>Please, enter your name</i>	<i>Introduza o seu nome</i>	<i>Por favor, introduza o seu nome</i>

- Os nomes de menús, pestanas e xanelas

Nestes casos eses nomes non adoitan describir unha acción, senón simplemente ofrecer unha etiqueta descritiva do contido dos respectivos elementos. Por iso, aí é posible –aínda que non obrigatorio–empregar os substantivos, como por exemplo

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Edit</i>	<i>Edición</i>	<i>Editar.</i>
<i>Format</i>	<i>Formato</i>	<i>Dar formato.</i>

- A documentación complementaria

Este tipo de material (axudas, manuais explicativos, preguntas frecuentes...) forma unha unidade co programa propiamente dito. Por iso, o razoable é que manteña un nivel de lingua e un ton semellante, razón pola cal seguimos aconsellando dirixirse ao usuario a través da segunda forma de respecto (*vostede*).

Aínda así, cómpre non esquecer que agora a comunicación non se establece entre o computador e o usuario, senón entre dúas persoas (autor ou tradutor por unha parte e usuario pola outra). Por iso, as eleccións estilísticas do autor da documentación deben terse máis en conta, e se este apostou decididamente por unha relación próxima e coloquial co usuario, non debería haber ningún

⁸ Con respecto a esta cuestión, pode ser admisible –e incluso recomendable– facer unha excepción cos programas dirixidos á infancia. Neste caso frases como *Escribe o texto no recadro* ou *Queres substituír o ficheiro existente?* teñen moita máis xustificación.

inconveniente en respectar esa aposta.

2.3 Orde e tamaño das frases

Como norma xeral, as frases deben respectar a orde natural en galego. Así, nas frases afirmativas esta adoita ser *suxeito – verbo – complementos rexidos polo verbo – complementos non rexidos polo verbo*. Pola contra, nas frases negativas, a negación ocupa con frecuencia o lugar inicial da frase.

Para traducir	mellor...	ca...
<i>More than one item must be on this track</i>	<i>Esta pista debe ter máis dun elemento.</i>	<i>Máis de un elemento debe existir nesta pista.</i>
<i>Two different DV devices cannot be selected.</i>	<i>Non se poden seleccionar dous dispositivos DV</i>	<i>Dous dispositivos DV non poden ser seleccionados.</i>

Na localización de software o tamaño das cadeas de caracteres adoita ser un condicionante importante, por iso hai que buscar textos precisos e concisos. Pero por riba deste obxectivo debe estar o da corrección, a comprensibilidade e a naturalidade das frases en galego.

[Un uso axeitado dos diferentes tipos de abreviación pode contribuír a elaborar frases máis curtas sen afectar a súa intelixibilidade. Vid. información detallada sobre esta cuestión no [Anexo I](#).]

Por iso, debemos evitar algúns procedementos de redución moi habituais en inglés como:

- Prescindir do verbo principal da frase.

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Continue?</i>	<i>Quere continuar?</i>	<i>Continuar?</i>
<i>Error</i>	<i>Atopouse un erro.</i>	<i>Erro.</i>

- Prescindir dos artigos en contextos en que son habituais en galego.

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Downloading message</i>	<i>Estase descargando a mensaxe</i>	<i>Estase descargando mensaxe.</i>
<i>Invert Selection</i>	<i>Inverter a selección</i>	<i>Inverter selección.</i>

Pola contra, o inglés é –desde o punto de vista do galego– excesivamente redundante na utilización de determinadas formas, como os posesivos e os pronomes que explicitan o suxeito. Por iso, en galego só debemos empregalos cando haxa posibles dúbidas sobre a propiedade do elemento de que se está a falar, ou sobre o suxeito da acción do verbo.

Para traducir	mellor...	ca...
<i>Type a name for your movie.</i>	<i>Escriba un nome para o filme.</i>	<i>Escriba un nome para o seu filme.</i>
<i>Do not add copy protection to your music.</i>	<i>Non engadir protección de copia á música.</i>	<i>Non engadir protección de copia á súa música.</i>
<i>What kind of network do you use?</i>	<i>Que tipo de rede utiliza?</i>	<i>Que tipo de rede utiliza vostede?</i>

<i>Some of the files had been changed by another process. They were not updated.</i>	<i>Algúns dos ficheiros eran de só lectura e non se actualizaron.</i>	<i>Algúns dos ficheiros eran de só lectura. Eles non foron actualizados</i>
--	---	---

2.4 Formas verbais

2.4.1 A conjugación verbal

O paradigma dos verbos galegos non posúe tempos compostos; xa que se os significados que esas formas verbais teñen en linguas como o portugués, o castelán ou o inglés, en galego, ou ben se transmiten a través de formas simples ou de perífrases, ou ben son considerados irrelevantes e non se transmiten.

Tendo en conta isto:

- Cómpre evitar o uso de “haber + participio” ou de “ter + participio” para traducir o “haber + participio” do castelán ou o “to have + participio” do inglés. No seu lugar débense usar os tempos simples correspondentes.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>No se han encontrado registros apropiados.</i>	<i>Non se atoparon os rexistros apropiados.</i>	<i>Non se han atopado os rexistros apropiados.</i>
<i>La desinstalación ha finalizado.</i>	<i>A desinstalación rematou.</i>	<i>A desinstalación ha rematado.</i>
<i>Capture has completed successfully.</i>	<i>A captura finalizou con éxito.</i>	<i>A captura ha finalizado con éxito.</i>
<i>No changes have been made.</i>	<i>Non se fixo ningún cambio.</i>	<i>Non ha sido feito ningún cambio.</i>
<i>Guardar en el caché los documentos que hayan expirado.</i>	<i>Gardar na caché os documentos que caducaran.</i>	<i>Gardar na caché os documentos que teñan caducado.</i>
<i>The playlist you have chosen...</i>	<i>A lista de reprodución que escolleu...</i>	<i>A lista de reprodución que ten escollido...</i>

- O devandito non quere dicir que “ter + participio” sexa unha construción incorrecta en galego. Como mínimo, hai dous tipos de usos que son totalmente adecuados:
 - Casos como *Non ten copiadas todas as pistas ao CD*, nos que o participio concorda co complemento directo da frase, polo que non forma unha auténtica perífrase.
 - Casos como *Xa teño copiado as pistas ao CD*, nos que o participio non concorda co CD, polo que si forma unha auténtica perífrase. Aínda así, esta frase non sería traducible polo castelán *Ya he copiado las pistas al CD*, porque a construción galega engade un matiz de reiteración que non está presente na frase en español.
- Tendo en conta isto, poderíamos establecer a nivel xeral as seguintes equivalencias entre os tempos verbais do inglés e do castelán e os do galego⁹:

Inglés	Castelán	Galego
--------	----------	--------

⁹ Hai que insistir en que aquí ofrecemos unicamente unha equivalencia xeral, que non ten por qué encaixar ben en todos os contextos de localización en que esas formas aparezan.

<i>He/She/It deletes.</i>	<i>El/Ella borra.</i>	<i>El/Ela borra.</i>
<i>He/She/It are deleting</i>	<i>El/Ela está borrando</i>	<i>El/Ela está borrando El/Ela está a borrar</i>
<i>He/She/It has deleted.</i>	<i>El/Ella ha borrado.</i>	<i>El/Ela borrou.</i>
<i>He/She/It has been deleting</i>	<i>El/Ella ha estado borrando</i>	<i>El/Ela estivo borrando El/Ela leva borrando</i>
<i>He/She/It deleted</i>	<i>El/Ella borró</i>	<i>El/Ela borrou</i>
<i>He/She/It was deleting</i>	<i>El/Ella estaba borrando</i>	<i>El/Ela estaba borrando</i>
<i>He/She/It had deleted</i>	<i>El/Ella había borrado</i>	<i>El/Ela borrara</i>
<i>He/She/It will delete</i>	<i>El/Ella borrará</i>	<i>El/Ela borrará</i>
<i>He/She/It will be deleting</i>	<i>El/Ella estará borrando</i>	<i>El/Ela estará borrando El/Ela estará a borrar</i>
<i>He/She/It will have deleted</i>	<i>El/Ella habrá borrado</i>	<i>El/Ela ha ter borrado</i>

2.4.2 As construcións pasivas

Aínda que non incluímos a voz pasiva, debemos prestarlle unha atención especial á tradución destas oracións, que en inglés son moito máis frecuentes ca en galego. Limitarse a facer unha tradución literal pode provocar resultados pouco naturais; por iso, débese buscar sempre a forma de expresión que sexa máis frecuente en galego, aínda que iso implique facer unha tradución máis libre da secuencia orixinal.

Para traducir	útese...	e evítese...
<i>The file couldn't be opened</i>	<i>Non se puido abrir o ficheiro. Non foi posible abri-lo ficheiro.</i>	<i>O ficheiro non puido ser aberto.</i>
<i>Your signature is not displayed</i>	<i>Non se visualiza a súa sinatura. A súa sinatura non se visualiza.</i>	<i>A súa sinatura non é visualizada.</i>

Como se pode ver nos exemplos anteriores, a busca da expresión natural en galego provoca que se cambie a orde dos compoñentes da frase con respecto á estrutura do inglés, que tende a situar case sempre o suxeito ao comezo.

Para traducir	útese...	e evítese...
<i>The file has been saved.</i>	<i>Gardouse o ficheiro.</i>	<i>O ficheiro gardouse.</i>

O que acabamos de dicir non implica que debamos evitar as construcións pasivas en todas as circunstancias. Cando o axente e o paciente da acción verbal estean claramente explícitos podemos optar pola construción pasiva o activa.

Para traducir	útese...	ou...
<i>The operation is not supported by the service provider.</i>	<i>A operación non é soportada polo fornecedor de servizo.</i>	<i>O fornecedor de servizo non soporta a operación.</i>

2.4.3 A expresión do futuro

En galego, a idea de futuro exprésase fundamentalmente por dúas vías:

1. a través do tempo verbal de futuro (*farei, farás, fará...*)
2. a través dalgunha das perífrases que transmiten esa idea de futuridade. As máis importantes son *haber (de) + infinitivo* (*hei (de) facer, has (de) facer, ha (de) facer...*) e *ir + infinitivo* (*vou facer, vas facer, vai facer...*)

O significado das tres formas é –basicamente– o mesmo, pero existen pequenos matices

estilísticos ou semánticos que nos permiten marcar algunhas pautas orientativas para organizar o seu emprego.

- A expresión a través das perífrases é estatisticamente a máis frecuente, especialmente a medida que se vai achegando á lingua oral e afastándose da literaria.
- Cando a unidade que expresa o futuro vai ligada a outro verbo é máis habitual a presenza do tempo de futuro ca a da perífrase, para evitar a presenza de tres verbos contiguos

Para traducir	útese...	mellor ca...
<i>...will attempt to configure...</i>	<i>...intentará configurar...</i>	<i>...ha intentar configurar...</i> ou <i>...vai intentar configurar...</i>

- A perífrase *haber (de) + infinitivo* leva implícito case sempre un certo matiz de obrigatoriedade, pero sen chegar ao valor claramente obrigativo de *ter que + infinitivo*.

Para traducir	útese...	e evítese...
<i>...tasks to run automatically...</i>	<i>...as tarefas que se han (de) executar automaticamente...</i>	<i>...as tarefas que se terán que executar automaticamente...</i>
<i>...you will have to restart the computer...</i>	<i>...terá que reiniciar o computador...</i>	<i>...habrá de desconectar o computador...</i>

- A perífrase *ir + infinitivo* leva implícito case sempre un certo matiz de intencionalidade que non é tan perceptible no tempo verbal de futuro.

Para traducir	útese...	ou tamén...
<i>...the server you will connect to.</i>	<i>... o servidor co que vai establecer conexión ...</i>	<i>... o servidor co establecerá conexión ...</i>

Todas estas indicacións deben tomarse unicamente como suxestión de uso, e non como prescricións, xa que –como indicamos máis arriba– o valor básico de futuridade é o mesmo en todos os casos.

2.4.4 O infinitivo flexionado

É un trazo característico do galego e do portugués, pero o seu emprego non é obrigatorio en contexto ningún. Aínda así, no estilo que estamos intentando fixar é un trazo que cómpre potenciar sempre que o espazo de escritura o permita; para iso, propomos as seguintes pautas de uso:

- Aconsellamos –sen consideralo obrigado– o emprego do infinitivo flexionado...
 - Cando o suxeito do infinitivo é distinto do do verbo principal.

Para traducir	útese...	mellor ca...
<i>Checking us passwords it's very important.</i>	<i>Revisarmos os contrasinais é moi importante.</i> ou <i>É moi importante que revisemos os contrasinais.</i>	<i>Revisar os contrasinais é moi importante.</i>

- Cando o suxeito do infinitivo está expreso no texto.

Para traducir	útese...	mellor ca...
<i>...to be written, the files...</i>	<i>...para seren eles gravados, os</i>	<i>...para ser eles gravados, os</i>

	<i>ficheiros... ou ...para seren gravados, os ficheiros...</i>	<i>ficheiros...</i>
--	--	---------------------

- Cando o infinitivo vai antes do verbo principal da frase, case sempre introducido por unha preposición

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>When new messages arrive, play sound</i>	<i>Ao chegaren novas mensaxes, reproduce un son. ou Cando cheguen novas mensaxes, reproduce un son.</i>	<i>Ao chegar novas mensaxes, reproduce un son.</i>

- Cando, aínda tendo o mesmo suxeito ca o verbo principal, existen varios complementos interpostos que os separan.

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>...people who do not have an account can use the guest account, if you turn on, to log on to the computer...</i>	<i>...as persoas que non posúan unha conta poderán utilizar a conta de convidado, se a activa, para iniciaren unha sesión no computador...</i>	<i>...as persoas que non posúan unha conta poderán utilizar a conta de convidado, se a activa, para iniciar unha sesión no computador...</i>

- Non debe empregarse o infinitivo flexionado...

- Cando o infinitivo forma parte dunha perífrase verbal

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>Bitmaps must be greater than one pixel...</i>	<i>Os mapas de bits teñen que ter máis dun píxel...</i>	<i>Os mapas de bits teñen que terer máis dun píxel...</i>

- Cando o infinitivo está rexido por verbos como *querer, poder, deber, mandar, facer, deixar, ver...* ou van inmediatamente a continuación deles.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>Unable to load the resources...</i>	<i>Non se poden cargar os recursos...</i>	<i>Non se poden cargaren os recursos...</i>
<i>...and prompts to save the documents.</i>	<i>...e pregunta se se queren gardar os documentos.</i>	<i>...e pregunta se se queren gardaren os documentos.</i>

2.4.50 xerundio

En xeral, o xerundio é unha forma verbal que non ten un valor modal ou temporal específico, aínda que si ten valor aspectual, pois amosa a acción verbal no seu proceso de desenvolvemento (*Renomee o cartafol usando só...*).

De entre os usos máis habituais do xerundio debemos vixiar e evitar na medida do posible os dous seguintes:

- Aqueles en que a acción expresada polo xerundio é posterior á representada polo verbo principal (chamados tamén de “xerundio de posterioridade”).

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>...you investigate the problems, then clicking Error...</i>	<i>...investiguen os problemas, e escollan despois 'Detalles do erro'...</i>	<i>...investiguen os problemas, escollendo despois 'Detalles do erro'...</i>

- Aqueles en que o xerundio funciona como un adxectivo que especifica o significado

dun substantivo (chamados tamén de “xerundio especificativo”).

[Normalmente poden substituírse por “*que* + verbo en forma persoal”.]

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>Allows printing to the selected printers while not connected.</i>	<i>Permite a impresión nas impresoras seleccionadas mesmo nas que non están conectadas.</i>	<i>Permite a impresión nas impresoras seleccionadas mesmo non estando conectadas.</i>

2.5 Uso de maiúsculas e minúsculas

En xeral, calquera manual de estilo recolle un epígrafe no que se estipulan pautas de uso de maiúsculas e minúsculas. Nós limitáremos a recoller aquelas cuestións que aparecen de forma máis habitual nos procesos de localización de software, e remitimos para unha visión máis xeral a

Xa que logo, escribirase con maiúsculas:

- a primeira letra da palabra inicial dunha frase ou dun texto, ou da palabra que segue a unha interrogación ou a unha exclamación
A unidade de Windows só ten 30 MB de espazo libre en disco.
Está seguro de que quere cancelar? Aínda non concluíu a instalación.
- a primeira letra dun nome propio
Afganistán
...por exemplo Xoán Airas.
- a primeira letra do nome dun menú, dunha opción de menú, dunha xanela, dun cadro de diálogo, etc.
Ficheiros temporais da Internet
Entrada de datos
Tabulacións...
- a primeira letra dos nomes de institucións e organizacións públicas ou privadas legalmente constituídas.
a asociación Trasno
a Xunta de Galicia
o Grupo de Usuarios de Linux de Galicia
- a primeira palabra dos títulos dos produtos literarios, intelectuais ou artísticos (libros, artigos, relatorios, discursos, cine, música, artes plásticas, teatro...), con independencia do seu soporte
...a película O señor dos aneis.
...a unidade de CD non consegue reproducir Brown sugar.
- en xeral, a primeira letra dos nomes dos programas informáticos, sistemas operativos e linguaxes de programación.¹⁰
Word
Firefox
Linux

¹⁰ A pesar do devandito, como a gran maioría deles contan con nomes comerciais rexistrados, debe manterse literalmente o aspecto gráfico do nome orixinal (aínda que o resultado final sexa estraño para as pautas ortográficas do galego, como por ex. *WebCopier* ou *GetRight*).

Windows
Cobol

- a primeira letra da palabra inicial da denominación dos textos legais, dos produtos xurídicos e doutros trámites documentais de tipo administrativo
a Lei de propiedade intelectual
a Lei de normalización lingüística
- todas as letras das siglas
HTML
ISO
BASIC
ADSL
- todas as letras das opcións, parámetros, etc. que se queiran destacar nunha liña de ordes, quer para indicar un parámetro optativo, quer para presentar un exemplo de uso, etc.

E pola contra, escríbense con minúscula:

- os nomes dos días e meses do ano
...o luns 27 de xuño de 2005.
- os nomes dos documentos acreditativos, aínda que a sigla que os designa si se grafe con maiúsculas
documento nacional de identidade (DNI)
número de identificación fiscal (NIF)
- os nomes das unidades de medida e dos conceptos da terminoloxía científica.¹¹
40 xigabytes
3000 revolucións por minuto
- os nomes de cargos e profesións
...a presidenta do tribunal...
...coa axuda dunha analista de sistemas.
...o letrista orixinal
- xentilicios e nomes de linguas
...elixir entre as seguintes linguas: alemán, francés, galego, portugués...
- os puntos cardinais e referencias xeográficas como *oriente, occidente, oriental, occidental, meridional* e *setentrional*, excepto cando forman parte de topónimos (*América do Norte, Polo Sur...*)
- os nomes xenéricos de accidentes xeográficos e as divisións administrativas
...un mapa das illas Cíes...
...a nosa sede na rúa da Tafona, 15...
Cómpre seleccionar o país ou a rexión desde onde está a chamar.
- os nomes xenéricos de programas informáticos
procesador de texto
navegador

¹¹ Para ver as convencións que axudan a representar os seus símbolos, consultar o anexo

2.6 Tratamento dos nomes propios doutras linguas e dos nomes comerciais

A principal dúbida que xorde á hora de tratar os nomes propios doutras linguas é decidir se os imos traducir ao galego ou se os imos conservar no seu idioma orixinal. Imos dar algunhas pautas orientativas para tratar os tipos de nomes propios cos que nos imos enfrontar con maior frecuencia:

- **Os nomes propios de persoa** non se traducen nin se adaptan graficamente: conservan polo tanto todas as características gráficas propias da lingua da que proceden.¹²

Sebastião Salgado

Serge Brin

Josep Saura

Pola contra, é frecuente que se traduzan os nomes de divindades, de personaxes mitolóxicas, de liñaxes reais, dos papas e de figuras importantes da historia.

Xehová

Ulises

o rei Artur

a Cincenta

a raíña Isabel II

Xoán XXIII

Nicolás Maquiavelo

- **Os nomes propios de lugar**, en principio, non se traducen nin se adaptan graficamente.¹³

La Línea de la Concepción

Malmö

Philadelphia

Reggio di Calabria

Igual que viamos cos nomes de persoa, cando a forma orixinal se escribe nun alfabeto distinto do noso (ruso, xaponés, chinés, árabe...) é preciso adaptala, substituíndo os caracteres estraños polos propios do galego que mellor permitan a reprodución da pronuncia orixinal.

Iemen

Shangai

Sahara

12 Isto non se lles aplica a aqueles que proceden de idiomas que empregan un alfabeto distinto do noso (ruso, xaponés, chinés, árabe...): nestes casos adaptaciónse de tal xeito que se intenta reproducir con letras galegas a pronuncia da lingua orixinal (*Aki-Hito*, *Khomeini*...)

13 Si se traducen, os nomes comúns de lugar (río, parque, praza, fonte...), aínda que formen parte de topónimos.

as illas dos Azores

a praza de Tianammen

Costa do Marfil

Río de Xaneiro

Aínda así, non é raro atopar excepcións a esta pauta (*Central Park*, *Fontana di Trevi*, *Chinatown*, *Port-au-Prince*...).

Volgograd

Pola contra, algúns topónimos que se empregaban con frecuencia ou que se consideraban máis importantes desenvolveron tradicionalmente en galego unha forma adaptada que é aconsellable manter, con independencia do apuntado como criterio xeral.

A Habana

Castela

Nova York

Alemaña

Boloña

Bos Aires

París

Tánxer

[A Real Academia Galega estableceu como formas correctas en galego para os principais topónimos do mundo as recollidas no *Atlas de España e do Mundo*, Ed. Anaya, 1996].

Os nomes en inglés e galego de todos os países do mundo, xunto co código de dúas letras que lles adxudica a norma [ISO 3166-1](#) podemos velos no [Anexo III](#).

- **Os nomes de produtos culturais, artísticos e industriais** en xeral non se traducen, xa que moitos deles están protexidos por rexistros comerciais ou de propiedade intelectual. Así, en textos galegos debemos manter no seu idioma orixinal

- os nomes dos medios de comunicación

El País

Fox News

Jornal de Notícias

- os títulos de libros, artigos, películas, pezas musicais ou obras de teatro, cando aparecen en contextos formais e non existe tradución ao galego

Crónica de una muerte anunciada, de Gabriel García Márquez

Imagine, de John Lennon

- as marcas rexistradas

QuickTime

Post-it

Nero Express

Goodyear

Pola contra, é moi frecuente traducir

- os títulos das obras pictóricas, escultóricas ou fotográficas

A Venus do espello, de Velázquez

Muller de ollos azuis, de Modigliani

O peite do vento, de Chillida

- os títulos dos textos legais

Lei de axuizamento criminal

Lei de propiedade intelectual

- **Os nomes de institucións, entidades e colectivos** non se traducen, polo xeral, cando

son de titularidade privada, como por exemplo:

- de empresas (*British Airways, Electra del Jallas, Mesón La Anta...*)
- de grupos musicais, de teatro, etc. (*Rolling Stones, Arte Livre do Brasil, Bachaccademie...*)
- de equipos deportivos (*Manchester United, Boca Juniors, Spartak de Praga...*)

Pola contra, adoitan traducirse:

- os nomes de institucións e organismos públicos (*Ministerio de Xustiza, Concello de París, Gobierno de California...*)

2.7 A linguaxe non-sexista

Nos traballos de localización debemos evitar o uso de linguaxe discriminatoria contra calquera colectivo ou minoría, e nomeadamente da linguaxe sexista.

Isto concrétese nas seguintes recomendacións de uso:

- Cando do texto se desprenda que unha profesión ou cargo é desempeñada por unha muller debemos empregar a forma feminina dese cargo, sempre que sexa posible:

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>...Cathy Thomas, systems engineer...</i>	<i>...Cathy Thomas, enxeñeira de sistemas...</i>	<i>...Cathy Thomas, enxeñeiro de sistemas...</i>

- Cando no texto designemos un grupo mixto, intentaremos evitar o uso do masculino como xenérico, recorrendo a algunha das seguintes estratexias:
 - Empregando no seu lugar unha expresión non marcada en relación ao xénero, como por exemplo un substantivo xenérico (*persoa, alumnado, secretaria, infancia, equipo...*), un xiro perifrástico, etc.

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>director's comments</i>	<i>comentarios da dirección</i>	<i>comentarios do director</i>
<i>Closed Caption for children</i>	<i>Subtítulos optativos para a infancia</i>	<i>Subtítulos optativos para nenos</i>
<i>You must specify some recipients for the message.</i>	<i>Ten que especificar a quen vai dirixida a mensaxe.</i>	<i>Ten que especificar os destinatarios da mensaxe.</i>

- Buscando a forma de introducir no texto as marcas dos dous xéneros, ben a través da dobre mención da forma masculina e feminina, ben incluíndo o substantivo nun xénero e engadindo a continuación a terminación do outro xénero.

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>Closed Caption for children</i>	<i>Subtítulos optativos para nenos e nenas</i>	<i>Subtítulos optativos para nenos</i>
<i>Electronic engineer</i>	<i>enxeñeiro/ra electrónico/ca</i>	<i>enxeñeiro electrónico</i>

Nestes últimos tempos está acadando un elevado nivel de uso a arroba (@) como forma de marcar un substantivo indeterminado con respecto ao xénero (por ex. *enxeñeir@ electrónic@*). Cremos que é preferible non utilizala xa que, buscando

solucionar un problema, acabamos creando outro, neste caso á hora de ler o texto. Como se lería unha secuencia como *Subtítulos optativos para nen@s?*

Todas as recomendacións que acabamos de facer neste epígrafe deben aplicarse tendo coidado de non producir textos excesivamente longos ou complicados de ler. Dicimos isto porque o uso sistemático dalgunhas das estratexias presentadas –as barras, por exemplo– tende a producir frases pesadas e cansativas para o receptor do texto.

2.8 As negacións

No que ten que ver coa negación, interésanos destacar como incorrecto o uso de “algún” como forma de resaltar unha dobre negación, de forma idéntica a como fai o castelán. En galego, ese tipo de dobres negacións constrúense usando “ningún”.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>No device detected.</i>	<i>Non se detectou dispositivo ningún.</i> ou <i>Non se detectou ningún dispositivo.</i>	<i>Non se detectou dispositivo algún.</i>

2.9 Cantidades

Á hora de falar da expresión das cantidades pode ser interesante lembrar as cuestións seguintes:

- O galego marca as unidades de millar con punto (.) e os decimais con coma (,) mentres que o inglés elixe a opción inversa.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>This would fit on a 1.44MB floppy.</i>	<i>Un disquete de 1,44 MB ten capacidade suficiente.</i>	<i>Un disquete de 1.44 MB ten capacidade suficiente.</i>
<i>The size must be between 50 KB to 20,000 KB.</i>	<i>O tamaño ten que estar entre 50 KB e 20.000 KB.</i>	<i>O tamaño ten que estar entre 50 KB e 20,000 KB.</i>

Non se segue esta pauta á hora de grafar as versións dos programas informáticos: neste caso concreto está asentado un uso idéntico ao do inglés.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>Word for Windows 6.0</i>	<i>Word para Windows 6.0</i>	<i>Word para Windows 6,0</i>

- A elección das cifras ou das letras como forma de representar as cantidades, non debe facerse ao azar, senón que debe ter en conta as pautas seguintes:
 - Úsanse as cifras para...
 - ♦ as cantidades iguais ou superiores a 10, sobre todo en textos técnicos.
Pode engadir ata 15 diccionarios personalizados.
 - ♦ as cantidades con decimais
Impresións de corte de 3,5 x 5 polgadas
 - ♦ as cantidades que representan magnitudes dun sistema físico, se van seguidas do símbolo correspondente
Isto ocupará aproximadamente dous disquetes de 1,44 MB
 - ♦ as cantidades que forman parte de series, como días, meses e anos, textos legais, números de rúas, páxinas dunha publicación...

28 de xuño de 2005
A Lei 4/1994 foi...
Visítenos no número 53 da avenida de...
Consulte a páxina 5 do Manual de axuda.

– Pola contra, adoitan representarse con letras...

- ♦ os números do 0 ao 9, excepto nos casos dos ítems anteriores

Actualiza a visualización cada catro segundos

- ♦ as cantidades aproximadas

O programa xa foi descargado por máis de mil usuarios.

- ♦ cando a cantidade dá comezo a unha oración ou un parágrafo, ou cando forma parte dun topónimo

*Vinte persoas recibiron un premio extraordinario.
A rúa Dezasete de Maio está en obras.*

2.10 Outras cuestións

2.10.1 As datacións

Á hora de representar as datas as pautas habituais en inglés presentan moitas diferenzas con respecto ás que se seguen en galego.

- Cando o mes se representa por medio do seu nome a orde “mes”, “día”, “ano” usada en inglés é incorrecta en galego.

Para traducir	úsese...	e evítese...
<i>August, 20, 2004</i>	<i>20 de agosto de 2004</i>	<i>Agosto, 20, 2004</i>

- Cando na data só se utilizan cifras (normalmente en cadros, gráficos ou formularios) a orde da información en inglés e galego volve ser distinta.

A data inglesa	equivale en galego a...	e non a...
<i>2001/09/11</i>	<i>11/09/2001</i>	<i>09/11/2001</i>
<i>07-10-2005</i>	<i>10-07-2005</i>	<i>07-10-2005</i>

- Para representar unha hora do día, o inglés adoita recorrer ao formato de 12 horas, indicando posteriormente se se trata da mañá ou da tarde coas siglas AM e PM respectivamente. En galego, podemos optar por esa mesma fórmula ou usar o formato de 24 horas, que é o máis empregado en contextos formais e o que aconsellamos usar nos traballos de localización.

A hora inglesa	equivale en galego a...	mellor ca...
<i>8:15 PM</i>	<i>20:15</i>	<i>8:15 PM</i>

2.10.2 Os nomes das teclas

Os teclados cos que imos traballar están rotulados en inglés ou en castelán; xa que logo, cando no proceso de localización teñamos que mencionar os nomes das teclas debemos facelo co seu nome en galego. Aínda así, se pensamos que iso pode dificultar a comprensión dos usuarios podemos engadir entre paréntese a denominación inglesa abreviada.

Para traducir	úsese...	mellor ca...
<i>Press the CAPS LOCK key</i>	<i>Prema a tecla de bloqueo de maiúsculas (Caps Lock).</i>	<i>Prema a tecla de bloqueo de maiúsculas.</i>

	ou <i>Prema a tecla Bloq Maiús (Caps Lock)</i>	
--	---	--

Tendo en conta o devandito pode ser interesante presentar un cadro coas denominacións completas e as formas reducidas en inglés e galego dos principais nomes de teclas:

DENOMINACIÓNS COMPLETAS		FORMAS REDUCIDAS	
Inglés	Galego	Inglés	Galego
alt key; alternate key	tecla de alternancia; tecla Alt	Alt	Alt
alt graphic key	tecla de alternancia gráfica; tecla Alt Gr	Alt Gr	Alt Gr
backspace key	tecla de retroceso	Backspace; ←	Retroceso; ←
caps lock key; shift lock key	tecla de bloqueo de maiúsculas; tecla Bloq Maiús	Caps Lock	Bloq Maiús
control key	tecla de control, tecla Ctrl	Ctrl	Ctrl
delete key; erase key	tecla de supresión; tecla Supr	Del	Supr
end key	tecla de fin; tecla Fin	End	Fin
carriage return key; enter key; intro key; return key	tecla de retorno; tecla Retorno	Intro; Enter; Return	Retorno
escape key	tecla de escapada; tecla Esc	Esc	Esc
home key	tecla de inicio; tecla Inicio	Home	Inicio
insert key	tecla de inserción; tecla Ins	Ins; Insert	Ins
numeric keyboard lock key; numeric lock key	tecla de bloqueo do teclado numérico; tecla Bloq Num	Num lock	Bloq Num
page down key	tecla de avance de páxina; tecla Av Páx	Page Down; Pg Dn	Av Pàg
page up key	tecla de retroceso de páxina; tecla Re Páx	Page Up; Pg Up	Re Páx
break key; pause break; pause break key	tecla de pausa/interrupción; tecla Pausa/Inter	Pause/Break	Pausa/Inter
print screen key	tecla de impresión de pantalla; tecla Impr Pant	Print Screen; Prt Scr	Impr Pant
scroll lock key	tecla de bloqueo de desprazamento; tecla Bloq Despr	Scroll Lock	Bloq Despr
shift key	tecla de maiúsculas; tecla Maiús	Shift	Maiús

tabulator key	tecla de tabulació; tabulador; tecla Tab	Tab	Tab
Down Arrow	frecha abaixo	↓	↓
Up Arrow	frecha arriba		
Right Arrow	frecha á dereita	→	→
Left Arrow	frecha á esquerda	←	←
Arrow key	frecha; tecla de frecha		
asterisk key	asterisco; tecla de asterisco		
character key	tecla de carácter		
forward slash key; slash key	tecla de barra		
backslash key	tecla de barra invertida		
function key	tecla de función		
minus key	tecla de menos; tecla -		
plus key	tecla de máis; tecla +		
Windows key	tecla do Windows		

Estas teclas empréganse con moita frecuencia en combinación con outras. Estas combinacións poden premerse de dúas formas:

1. Simultaneamente

Para representar que dúas teclas se premen simultaneamente, escribiremos o signo + entre elas (*Ctrl+G*)

2. Unha despois da outra

Para representar que dúas ou máis teclas se deben premer unha despois da outra, empregaremos unha coma (,) (*Alt+Ctrl+4,O*).

Anexo I

A abreviación

Baixo esta etiqueta agrúpanse unha serie de procedementos que consisten en empregar en forma reducida certas palabras ou sintagmas que aparecen con frecuencia e que o lector coñece ou pode deducir con facilidade.

Tendo en conta as súas características, pódense distinguir catro subtipos de abreviación (a abreviatura, o símbolo, a sigla e o acrónimo).

A abreviatura

É unha redución dunha palabra ou dun sintagma,¹⁴ que se fai nunha lingua en concreto, co fin fundamental de aforrar espazo e evitar reiteracións no texto escrito.

As abreviaturas son diferentes en cada lingua, e incluso nunha mesma lingua podemos atopar abreviaturas diferentes para as mesmas palabras.¹⁵ A pesar disto, é aconsellable empregar abreviaturas que teñan un amplo grao de difusión, xa que iso facilitará que o lector comprenda sen problema ningún o seu significado.

Como se representan?

- Rematan en punto

dta. (*dereita*), *imp.* (*importante*), *ex.* (*exemplo*)

Só nalgúns casos excepcionais ese punto pode ser substituído por unha barra inclinada (/).

c/ ou *c.* (*conta*), *r/* ou *r.* (*rúa*), *x.* ou *x/* (*xiro*)

- Só presentan unha forma de plural distinta da de singular aquelas abreviaturas que se formaron con elementos do principio e do final da palabra plena –*ltdo./ltdos.* (*limitado*); *tfno./tfnos.* (*teléfono*)– ou soamente coa primeira letra desta –*s./ss.* (*século*).

- Prefírense as formas que non empregan caracteres en superíndice

V. e *pr.* (*visto e prace*), *núm.* (*número*)

Só en casos en que o seu uso estea moi asentado, como os números ordinais (*1º*, *2º*, *3º*...) ou na abreviación dalgúns nomes propios (*M^a*) é aceptable recorrer a esa representación. Cando se empregana caracteres en superíndice nunca se lles engade un punto ao final.

- Conservan a grafía maiúscula ou minúscula que tiña a letra inicial da palabra que e reduce.¹⁶

d. de C. (*despois de Cristo*); *p. d.* (*por delegación*)

14 O feito de que sexa unha redución e non unha elemento novo é o que explica que á hora de lelas non se recorra ao soletreo da forma reducida senón que se pronuncie a palabra completa.

Ex: Se lendo un texto atopamos a abreviatura *tfno.*, imos ler “teléfono” e non “tfno”.

15 Por exemplo, a palabra *teléfono* podemos atopala abreviada como *telfno.*, *tlfno.*, *tfno.*, *tlfn.* ...

16 Son excepción a este criterio as abreviaturas dos tratamentos de persoa xerais e protocolarios, así como a do pronome persoal de respecto (vostede).

Sr. (*señor*); *Sra.* (*señora*); *Excmo.* (*excelentísimo*); *Vde.* (*vostede*)

- Como se ve nos exemplos anteriores, o espazo que separa as palabras dun sintagma debe manterse na forma abreviada, xa que cada unha delas redúcese independentemente.
- Mantéñense os tiles se xa os posuía a sen abreviar.
índ. (índice); sáb. (sábado); símb. (símbolo)

Algunhas notas sobre o seu uso

- En teoría, o uso de abreviaturas non debe afectar ao grao de comprensibilidade do texto, por iso debemos evitar na medida do posible empregar a mesma abreviatura no mesmo texto para dúas palabras distintas, e ao revés, usar dúas abreviaturas para a mesma palabra.
- Coa mesma finalidade, é tamén aconsellable –sobre todo en documentos longos– indicar a correspondencia que existe entre unha determinada abreviatura e a palabra plena á que remite, salvo que se trate de formas abondo coñecidas (*tfno.*, *apdo.*, *avda...*). Esta indicación adoita facerse a primeira vez que aparece a abreviatura.
- Debemos evitar recorrer a elas de xeito masivo, xa que a súa acumulación dificulta a lectura áxil dos textos.
- Só ten sentido abreviar unha palabra cando supón unha redución de espazo con respecto á palabra plena. Por iso, salvo que fose necesario para encaixar un texto nun espazo limitado, aconsellamos recorrer a abreviaturas cando iso permita aforrar tres ou máis espazos con respecto á palabra completa.
- Os topónimos non se deben abreviar, a non ser que sexa imprescindible para encaixar un texto nun espazo limitado.

Símbolo

É unha redución dunha unidade de medida dos campos científico e técnico, decidida por algún organismo autorizado, válida internacionalmente, e feita para aforrar espazo e evitar reiteracións no texto escrito.

Esta validez internacional obriga a contar cun consenso supranacional para modificar a súa forma ou para introducir unidades novas.

Como se representan?

- Non levan punto (.) nin barra final (/).
Hz (hertz); s (segundo); h (hora)
A barra só se emprega para marcar algún tipo de relación entre dous símbolos.
r/s (revolucións por segundo); l/m² (litros por metro cadrado)
- Usan a mesma forma para o singular e o plural.
1 h (unha hora); 6 h (seis horas)
- Escríbense con letra maiúscula ou minúscula segundo as convencións internacionais determinen en cada caso, forma de representación que un usuario non pode cambiar.¹⁷

¹⁷ De feito, as maiúsculas e as minúsculas do símbolo deben manterse con independencia do tipo de letra que leve o resto do texto.

kg (quilogramo); GHz (xigahertz)

- Os símbolos formados pola redución de máis dunha palabra non deixan espazo entre os seus constituíntes –como si facían as abreviaturas.

CV (cabalo de vapor); UA (unidade astronómica)

Porén, si se mantén unha separación entre unha cantidade e o símbolo que a acompaña.

1,4 GHz; 1 mg

Sigla

É unha abreviación dun sintagma –son excepcionais as siglas que reducen unha única palabra–, que se fai nunha lingua en concreto,¹⁸ empregando só a primeira letra das palabras da forma plena.

Esta abreviación convértese nunha unidade nova –que se le como outra palabra calquera da lingua– e non só nunha redución, como viamos nos casos da abreviatura e do símbolo.

Como se representan?

- Non levan punto nin entre as letras nin ao final; e tampouco se deixan espazos intermedios entre elas.

ANSI (de “American National Standards Institute”); non *A.N.S.I.* nin *A N S I*

- Non levan til, aínda que lles corresponde de seren tratadas como unha unidade léxica máis.

BASIC (de “Beginner’s All-purpose Symbolic Instruction Code”) e non *BÁSIC*

- Non teñen forma de plural. As referencias a máis dun obxecto ou dunha entidade fanse marcando o número no artigo ou nalguna das palabras que acompañan a sigla.

os PC desta empresa; tres DNI caducados

- Teñen o mesmo xénero ca a primeira palabra do sintagma pleno de que proceden.
o GLUG (de “Grupo de Usuarios de Linux de Galicia”); *a ISO* (de “Organización Internacional de Estandarización”)

- Normalmente, escríbense con maiúsculas. En minúsculas só aparecen ás veces as iniciais das palabras gramaticais (artigos, preposicións, etc...), nos casos en que formen parte da sigla.

o DOG (de *Diario Oficial de Galicia*); *o PSdeG* (de “Partido dos Socialistas de Galicia”)

Algunhas notas sobre o seu uso

- Non ten por qué existir –como no caso dos símbolos– unha única forma para todas as linguas; pero iso non quere dicir calquera poida modificar á vontade unha sigla xa asentada e difundida. En principio, cada idioma conta cun corpus de siglas asentadas e validadas polo uso, ao que se van engadindo outras novas que organismos e

¹⁸ Por iso, o nome dunha mesma entidade, pode abreviarse con siglas distintas en dúas linguas. Por exemplo, a sigla de *Unión Europea* é *EU* en inglés, pero *UE* en castelán, galego ou portugués.

institucións adoptan para denominarse a si mesmos.

- A primeira vez que aparecen nun documento deben ir acompañadas da forma plena, co fin de aclarar as posibles dúbidas que puideran existir sobre o seu significado.

...para definir as necesidades debemos ter en conta as características da LAN (rede de área local), así como...

- Débense usar con moderación, especialmente en títulos, menús, cadros de diálogo, etc. a non ser que sexa preciso acurtar o tamaño da frase.

O acrónimo

É un tipo de abreviación que se constrúe empregando máis ca a primeira letra dalgunha das palabras da forma plena.

As súas características formais e as súas restricións de uso son as mesmas ca as das siglas, cunha única excepción: os acrónimos só conservan a maiúscula na primeira letra, como manifestación da súa maior integración na lingua.

Anexo III.- Nomes de países do mundo¹⁹

CÓD. ISO	GALEGO	INGLÉS
AF	Afganistán	Afghanistan
AL	Albania	Albania
DE	Alemaña	Germany
DZ	Alxeria	Algeria
AD	Andorra	Andorra
AO	Angola	Angola
AI	<i>Anguilla</i>	Anguilla
AQ	Antártida	Antarctica
AG	Antigua e Barbuda	Antigua and Barbuda
AN	<i>Antillas Neerlandesas</i>	Netherlands Antilles
SA	Arabia Saudita	Saudi Arabia
AM	Armenia	Armenia
AW	<i>Aruba</i>	Aruba
AR	Arxentina	Argentina
AU	Australia	Australia
AT	Austria	Austria
AZ	Azerbaiján	Azerbaijan
BS	Bahamas	Bahamas
BH	Bahrain	Bahrain
BD	Bangla Desh	Bangladesh
BB	Barbados	Barbados
BZ	Belize	Belize
BY	Belorusia	Belarus
BE	Bélxica	Belgium
BJ	Benin	Benin
BM	<i>Bermuda</i>	Bermuda
BT	Bhutan	Bhutan
BO	Bolivia	Bolivia
BA	Bosnia e Hercegovina	Bosnia and Herzegovina
BW	Botswana	Botswana
BR	Brasil	Brazil

¹⁹ A gran maioría dos topónimos proceden do *Atlas de España e do mundo* (Ed. Anaya, 1996). Os que non se citaban nesa fonte recolléronse no *Diccionario enciclopédico galego universal* (A Coruña: La Voz de Galicia, 2003) e nalgúns casos puntuais son elaboración propia. [Nestes dous últimos casos, os topónimos gráfanse en cursiva.]

BN	Brunei	Brunei Darussalam
BG	Bulgaria	Bulgaria
BF	Burkina Faso	Burkina Faso
BI	Burundi	Burundi
CV	Cabo Verde	Cape Verde
KH	Cambodja	Cambodia
CM	Camerún	Cameroon
CA	Canadá	Canada
TD	Chad	Chad
CL	Chile	Chile
CN	China	China
CY	Chipre	Cyprus
VA	Cidade do Vaticano	Holy See (Vatican City State)
CO	Colombia	Colombia
KM	Comores	Comoros
CG	Congo	Congo
KP	Corea do Norte	Democratic People's Republic of Korea
KR	Corea do Sur	Republic of Korea
CI	Costa do Marfil	Côte d'Ivoire
CR	Costa Rica	Costa Rica
HR	Croacia	Croatia
CU	Cuba	Cuba
DK	Dinamarca	Denmark
DJ	Djibuti	Djibouti
DM	Dominica	Dominica
EC	Ecuador	Ecuador
SV	El Salvador	El Salvador
AE	Emiratos Árabes Unidos	United Arab Emirates
ER	Eritrea	Eritrea
SK	<i>Eslovaquia</i>	Slovakia
SI	Eslovenia	Slovenia
ES	España	Spain
FM	<i>Estados Federados de Micronesia</i>	Federated States of Micronesia
US	Estados Unidos	United States
EE	Estonia	Estonia
ET	Etiopia	Ethiopia
EG	Exipto	Egypt
FJ	Fiji	Fiji

PH	Filipinas	Philippines
FI	Finlandia	Finland
FR	Francia	France
GA	Gabón	Gabon
GM	Gambia	Gambia
GH	Ghana	Ghana
GD	Granada	Grenada
GR	Grecia	Greece
GL	Gronlandia	Greenland
GP	<i>Guadalupe</i>	Guadeloupe
GU	<i>Guam</i>	Guam
GT	Guatemala	Guatemala
GN	Guinea	Guinea
GW	Guinea Bissau	Guinea-Bissau
GQ	Guinea Ecuatorial	Equatorial Guinea
GY	Guyana	Guyana
GF	Guyana Francesa	French Guiana
HT	Haití	Haiti
HN	Honduras	Honduras
HK	Hong Kong	Hong Kong
HU	Hungría	Hungary
YE	Iemen	Yemen
BV	<i>Illa Bouvet</i>	Bouvet Island
CX	<i>Illa Christmas</i>	Christmas Island
HM	<i>Illa Heard e Illas McDonald</i>	Heard Island and McDonald Islands
NF	<i>Illa Norfolk</i>	Norfolk Island
AX	<i>Illas Aland</i>	Åland Islands
KY	<i>Illas Caimán</i>	Cayman Islands
CK	<i>Illas Cook</i>	Cook Islands
FO	Illas Faeroe	Faroe Islands
CC	<i>Illas Keeling (Cocos)</i>	Cocos (Keeling) Islands
FK	Illas Malvinas	Falkland Islands (Malvinas)
MP	Illas Marianas do Norte	Northern Mariana Islands
MH	<i>Illas Marshall</i>	Marshall Islands
UM	<i>Illas Periféricas Menores dos Estados Unidos</i>	United States Minor Outlying Islands
SB	<i>Illas Salomón</i>	Solomon Islands

TC	<i>Illas Turks e Caicos</i>	Turks and Caicos Islands
VG	<i>Illas Virxes Británicas</i>	British Virgin Islands
VI	<i>Illas Virxes Norteamericanas</i>	U.S. Virgin Islands
GS	<i>Illas Xeorxia do Sur e Sandwich do Sur</i>	South Georgia and the South Sandwich Islands
IN	India	India
ID	Indonesia	Indonesia
IR	Irán	Islamic Republic of Iran
IQ	Iraq	Iraq
IE	Irlanda	Ireland
IS	Islandia	Iceland
IL	Israel	Israel
IT	Italia	Italy
KZ	Kazakhstan	Kazakhstan
KE	Kenya	Kenya
KG	Kirgizistan	Kyrgyzstan
KI	Kiribati	Kiribati
KW	Kuwayt	Kuwait
LA	Laos	Lao People's Democratic Republic
LS	Lesotho	Lesotho
LV	Letonia	Latvia
LB	Líbano	Lebanon
LR	Liberia	Liberia
LY	Libia	Libyan Arab Jamahiriya
LI	Liechtenstein	Liechtenstein
LT	Lituania	Lithuania
LU	Luxemburgo	Luxembourg
MO	<i>Macau</i>	Macao
MK	Macedonia	the Former Yugoslav Republic of Macedonia
MG	Madagascar	Madagascar
MY	Malaisia	Malaysia
MW	Malawi	Malawi
MV	Maldivas	Maldives
ML	Mali	Mali
MT	Malta	Malta
MA	Marrocos	Morocco
MQ	<i>Martinica</i>	Martinique
MU	Mauricio	Mauritius

MR	Mauritania	Mauritania
YT	<i>Mayotte</i>	Mayotte
MX	México	Mexico
MD	Moldavia	Republic of Moldova
MC	Mónaco	Monaco
MN	Mongolia	Mongolia
MS	<i>Montserrat</i>	Montserrat
MZ	Mozambique	Mozambique
MM	Myanmar	Myanmar
NA	Namibia	Namibia
NR	<i>Nauru</i>	Nauru
NP	Nepal	Nepal
NI	Nicaragua	Nicaragua
NU	<i>Niue</i>	Niue
NE	Níxer	Niger
NG	Nixeria	Nigeria
NO	Noruega	Norway
NC	<i>Nova Caledonia</i>	New Caledonia
NZ	Nova Zelandia	New Zealand
OM	Omán	Oman
NL	Países Baixos	Netherlands
PW	<i>Palau</i>	Palau
PS	Palestina	Occupied Palestinian Territory
PA	Panamá	Panama
PG	Papúa-Nova Guinea	Papua New Guinea
PK	Paquistán	Pakistan
PY	Paraguai	Paraguay
PE	Perú	Peru
PN	<i>Pitcairn</i>	Pitcairn
PF	<i>Polinesia Francesa</i>	French Polynesia
PL	Polonia	Poland
PR	Porto Rico	Puerto Rico
PT	Portugal	Portugal
QA	Qatar	Qatar
GB	Reino Unido	United Kingdom
CF	República Centroafricana	Central African Republic
CZ	República Checa	Czech Republic
CD	República Democrática do Congo	the Democratic Republic of the

		Congo
DO	República Dominicana	Dominican Republic
RE	Reunión	Reunion
RO	Romanía	Romania
RW	Ruanda	Rwanda
RU	Rusia	Russian Federation
EH	Sahara Occidental	Western Sahara
KN	<i>Saint Kitts e Nevis</i>	Saint Kitts and Nevis
PM	<i>Saint Pierre e Miquelon</i>	Saint Pierre and Miquelon
WS	Samoa	Samoa
AS	<i>Samoa Americana</i>	American Samoa
SM	San Marino	San Marino
VC	San Vicente e As Granadinas	Saint Vincent and the Grenadines
SH	Santa Helena	Saint Helena
LC	Santa Lucía	Saint Lucia
ST	São Tomé e Príncipe	São Tome and Principe
SN	Senegal	Senegal
CS	<i>Serbia e Montenegro</i>	Serbia and Montenegro
SL	Serra Leoa	Sierra Leone
SC	Seychelles	Seychelles
SG	Singapura	Singapore
SY	Siria	Syrian Arab Republic
SO	Somalia	Somalia
LK	Sri Lanka	Sri Lanka
ZA	Sudáfrica	South Africa
SD	Sudán	Sudan
SE	Suecia	Sweden
CH	Suíza	Switzerland
SR	Surinam	Suriname
SJ	<i>Svalbard e Jan Mayen</i>	Svalbard and Jan Mayen
SZ	Swazilandia	Swaziland
TJ	Tadzhikistan	Tajikistan
TH	<i>Tailandia</i>	Thailand
TW	Taiwan	Taiwan, Province of China
TZ	Tanzania	United Republic of Tanzania
IO	<i>Territorio Británico do Océano Índico</i>	British Indian Ocean Territory
TF	<i>Territorios Franceses do Sur</i>	French Southern Territories
TL	Timor-Leste	Timor-Leste

TG	Togo	Togo
TK	<i>Tokelau</i>	Tokelau
TO	<i>Tonga</i>	Tonga
TT	Trinidad e Tobago	Trinidad and Tobago
TN	Tunisia	Tunisia
TM	Turkmenistan	Turkmenistan
TR	Turquía	Turkey
TV	<i>Tuvalu</i>	Tuvalu
UA	Ucráinia	Ukraine
UG	Uganda	Uganda
UY	Uruguai	Uruguay
UZ	Uzbekistan	Uzbekistan
VU	<i>Vanuatu</i>	Vanuatu
VE	Venezuela	Venezuela
VN	Vietnam	Viet Nam
WF	<i>Wallis e Futuna</i>	Wallis and Futuna
JM	Xamaica	Jamaica
JP	Xapón	Japan
GE	Xeorxia	Georgia
GI	Xibraltar	Gibraltar
JO	Xordania	Jordan
ZM	Zambia	Zambia
ZW	Zimbabwe	Zimbabwe